

A INTERVENCIÓN ESCULTÓRICA

DATOS TÉCNICOS DA ESCULTURA:

Lonxitude: 8'40m

Diámetro: 2'50'm

Materiais: tubo de aceiro , chapa de aceiro inoxidable.

Ubicación: xardíns do Parlamento de Galicia, na esquina da rúa Hórreo con Ramón Piñeiro.

Composición: catorce aneis horizontais ovais, oito meridianos, chapas de aceiro inoxidable de diversos tamaños poligonais, remaches e parafusos.

DATOS TÉCNICOS DAS LETRAS DA PALABRA DIÁLOGO:

Medidas: 80 x120/ 100 x 130

Espesor: 0'8mm

Material: aceiro inoxidable.

Composición: 21 pezas que compoñen tres veces a palabra diálogo.

Ubicación: Reixa do Parlamento de Galicia nas rúas Hórreo, Ramón Piñeiro e Avda. de Lugo.

Partindo do concepto “diálogo”, concibíronse e baralláronse diversas propostas que finalmente remataron nunha intervención escultórica na que a mensaxe de conversa é a protagonista da acción.

A intervención escultórica componse de dúas partes. Por un lado a propia peza escultórica e por outro, a representación da palabra diálogo en tres frentes do recinto do Parlamento. Todas elas permanecerán durante o periodo anual de celebración dos 25 anos do Parlamento de Galicia no recinto da institución.

No momento de concibir a obra, tivéronse moi en conta as características do lugar onde permanecerá ubicada. De entre estas particularidades destacaba a muralla do recinto que dificulta o entendemento entre o interior do parlamento e a cidade. Era preciso traspasar ese muro para facilitar o diálogo e conectar a sociedade coa institución.

De aí o nacemento da escultura na rúa. Aí aséntase, a rúa é o cimento, a raíz da árbore da palabra. Un forte asentamento que permite á obra crecer en espiral .

A escolla do aceiro inoxidable como material a empregar resposta á necesidade de representar o diálogo como un espello adecuado no que reflectirse, un modelo no que verse representado, un brillo do que seguir a súa estela.

Outra das principais características da peza escultórica é o fractalismo que representa. A escultura é unha entidade caracterizada pola súa estrutura. Calquera que sexa a peza que se escolla, independentemente do seu tamaño, esta peza é igual ó todo con tódalas súas características. A medida que nos achegamos á obra descubrimos todo un sistema de partes que se relacionan entre sí e que reflecten a luz da cidade.

“A idea dun organismo oco constituíndose en hito o revestirse de espellos nunca metáfora primaria do diálogo, prosperou , materializándose nise “corno da fortuna”, rabo de polbo, vacuno corno único reclamando seu compañeiro, inimaxinabel socinho; mais tudo provindo da idea abstracta de helicoides, a maneira natural de ascender movéndose, dende o desplazamento das hélices de barcos ou avións até a estrutura do adn, o invento do tornillo, o xiro dos derviches, a torre do Tatlin ou a natureza do “abrazo”. Fernando Blanco Guerra.

No sentir dos autores e promotores desta peza haberá sempre unha lembranza ao mestre Luís Borrajo, e queren materializala nesta obra que non pode ser menos ca unha homenaxe a un dos grandes artistas da Terra.

Nesta obra interviron:

Fernando Blanco Guerra: arquitecto director

Javier Requejo Panizo: arquitecto. proyecto, estructura, obra.

Marta Villar: decoradora, maqueta. diseño de tejido, obra.

Pedro Simoes: arquitecto, maqueta, proyecto.

J. Harguindey: arquitecto, proyecto.

J. L. Camba: grupo DES, obra.

Ana Pardo: maqueta.